




**Os cans
non comprenden
a Kandinsky**

é un berro sucio.
Un paseo pola banalidade.
Unha viaxe pola non/poesía.
Pola non/teatralidade.
Pola non/beleza.

E a acción desganada
e ridícula.
A inacción desganada
e ridícula como alternativa.
A busca dos lugares elevados
desde a merda.
É fealdade. Ecuridade.





Se non hai acción non hai teatro,
que dicia Aristóteles ou algún director
que coñecín unha noite nalgún pub
de capital de provincia.

Se non hai acción non hai teatro,
berraba borracho. E eu coreaba
que si, que se non hai acción non
hai teatro.

Pero as cousas son como son
e hoxe retráctome.

Hoxe quedo así, aquí, quieta.
Sen facer nada.

Vostede pode seguir a mirar para min.
Un consello: mire sen esperanza.


A actriz

Avelina Pérez

Formada en Interpretación na Escola Santart, de Santiago de Compostela e Titulada en Dirección escénica e dramaturxia na ESAD de Galicia. ¶ Directora, dramaturga e actriz de *Os cans non comprenden a Kandinsky* (2017). ¶ Directora e dramaturga de *Vaguedás* e *A que non podes dicir cocacola?*, que tamén interpreta, da Compañía Teatro do Lume. ¶ Codirectora, coautora e actriz no espectáculo *Reconvertindo espazos*, formado por intervencións teatrais en pro da Igualdade en espazos non convencionais. ¶ Directora, creadora e actriz de *Gañaremos o pan coa suor da túa fronte*, da Compañía Tripalium. ¶ Dirixe durante catro anos o Grupo Intercultural de Teatro do Milladoiro, e durante tres Os obradoiros de Teatro para Mulleres, de Porto do Son. ¶ Directora da curta teatral *La vie en Rose*, de Afonso Becerra. ¶ Imparte obradoiros de Teatro Social e de Teatro afeccionado.

JE SUIS
ARTISTE






«Unha creadora coa capacidade de meter aos espectadores nesa espiral das súas obsesións, que son unhas obsesións simpatiquísimas, retorcidas e estremecedoras, lamacentas.

Hai humor, respiración de naturalidade actoral, sutilidade nos tratamentos da voz, un texto maravilloso, con momentos de brillo máximo e un desenlace, formalmente, que corta a respiración.»

ANTÓN LOPO
Comentario de artes escénicas
Diario Cultural



«Se algunha vez o teatro estivo nunha torre de marfil, Avelina báixao a ras do chan, onde poidan ulilo ata os cans. Ulilo e, por que non, lambelo, babealo e ata mexalo.»

AFONSO BECERRA
Revista Artezblai



A close-up photograph of a person's face on the left and a dog's head on the right. The person's face is partially visible, showing their eye and nose. The dog's head is in the foreground, looking towards the camera. The background is dark and out of focus.

Dirección e Dramaturxia

AveLina Pérez

Con

AveLina Pérez

A actriz

Daniel Casquero

O espectador

Iluminación

Daniel Casquero

Fotografía

Martín Pol

Espazo sonoro

Construído desde las Esculturas
Sonoras de Alberte Pagán

Deseño gráfico

Nadina Bértolo

The background image shows a concrete drainage grate set into a curb. The grate is partially covered with dry leaves and twigs. To the right of the grate, a small stream of water flows. The surrounding area is a mix of dirt, dry grass, and some green weeds. A white plastic bag is visible in the upper right corner.

contacto

637 756 146

linaperper@gmail.com

colabora

esadg